



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico ano 2007

INFORME CLIMATOLÓXICO

ANO 2007



1. Resumo climatolóxico e sinóptico ano 2007

- Nos primeiros meses do ano (xaneiro a maio) as temperaturas fóron en xeral superiores ao agardado especialmente no caso das temperaturas mínimas. A precipitación foi variable nos distintos meses, destacando unicamente o caso de febreiro, novamente húmido ou moi húmido tras varios anos rexistrando valores en xeral inferiores ao normal.
- Os meses de verán destacaron tanto polas temperaturas, inferiores en xeral ao agardado, coma pola chuva: xuño e xullo fóron meses húmidos ou mesmo moi húmidos. Sen embargo, as cantidades de precipitación acumulada non fóron, lóxicamente, moi elevadas polo que a súa contribución no total anual resulta pouco apreciable.
- Dende setembro a característica máis notable foi a sequía: outono do 2007 pode considerarse o outono máis seco dos últimos 50 anos nas series de Pontevedra e Santiago e o segundo máis seco (despois de 1978) en Lugo, Ourense e Coruña. Esta situación continúa no mes de decembro. En canto as temperaturas, neste periodo as máximas nas horas centrais do día acadaron en xeral valores superiores ao agardado. Isto sen embargo, non se aprecia nos valores medios debido a que as mínimas fóron claramente máis baixas do agardado, especialmente en novembro e decembro,
- Considerando o ano no seu conxunto o máis salientable sería a precipitación: pode considerarse un ano seco ou moi seco (salvo no caso da zona de Ferrol-Coruña), especialmente no caso das estacións de Santiago e Lourizán. Nesta estación, a máis antiga da Consellería con rexistros de precipitación dende 1955, 2007 xa pode considerarse o ano máis seco da serie (ver apartado 3). As temperaturas non destacan tanto coma no caso do ano 2006, que foi un ano claramente cálido. A media anual con frecuencia quedou preto dos valores normais, se ben pode decirse que o promedio das máximas segue sendo en xeral (agás no caso de Ourense) superior ao valor medio agardado.
- En canto o resumo sinóptico pódese dicir que os tres primeiros meses do ano foron relativamente normais, con repetidas situacións do sudoeste en febreiro, que deixaron un mes moi chuvioso e situacións de norte en Marzo que deixaron un arranque primaveral frío. Pero a partir de Abril as condicións foron anómalas para o resto do ano. En abril predominaron as condicións anticiclónicas e o tempo pódese considerar como propio do verán en boa parte do mes. Cando os prognósticos estacionais informaban de que esta situación podía ter continuidade, deixando un verán moi cálido e seco, a situación mudou e o verán estivo caracterizado pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte que practicamente non deu lugar a situacións anticiclónicas en xuño e xullo, sendo o mes de xuño o segundo máis chuvioso do ano. Esta bolsa de aire frío estivo bloqueada durante este período polas altas presións que afectaron a Europa central e Oriental, deixando nestas zonas fortes olas de calor. Durante o mes de agosto a situación foise normalizando ata que na derradeira semana as altas presións instaláronse ó norte da península Ibérica. Esta situación tivo un predominio abafador ó resto do ano, deixando o outono máis seco das últimas décadas en Galicia, posto que as poucas frentes que conseguiron chegar a Galicia dende o Atlántico o fixeron moi debilitadas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de

Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico anual 2007

2. Táboas de datos e gráficas

As seguintes táboas e gráficas mostran os valores rexistrados -en cada mes e no total do ano- nas estacións principais da rede da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias.




Para facer unha valoración climatolóxica compáranse ditos valores cos valores climatolóxicos obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa (INM), Santiago-astronómico (INM), Lugo-Fingoi (INM), Lourizán (CMADS) e Ourense-granxa (INM), no periodo 1973-2003, agás no caso da series Santiago astronómico, que comenza no 1982.

O valor climático en temperaturas medias corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes ou ano considerado. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual ou anual.

En precipitación o que se mostra é un rango de valores -do percentil 40 ao percentil 60 da distribución: p40-p60- dentro dos cales a chuvia pode considerarse “normal”. Se a precipitación rexistrada está fóra de ese rango se cataloga o mes ou ano coma seco (p20-p40), moi seco (<p20), húmido (p60-p80) o moi húmido (>p80)






CIS Ferrol		xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	ANO
Tª media (°C)	2007	10.9	12.2	11.9	14.2	14.8	17.1	18.6	19.3	18.2	15.5	11.9	10.4	14.6
	valor climático	10.5	11.0	12.0	12.5	14.6	16.9	18.7	19.4	18.3	15.7	13.1	11.5	14.5
Tª máxima media (°C)	2007	13.6	14.8	15.2	19.0	17.8	21.1	22.2	23.1	23.0	20.3	16.5	14.9	18.5
	valor climático	13.2	13.8	15.2	15.6	17.6	20	21.8	22.6	21.6	18.7	15.9	14.1	17.5
Tª máxima absoluta (°C)	2007	17.4	17.5	23.4	26.7	25.7	25.9	30.0	33.0	27.3	25.3	21.9	18.4	33.0
	valor climático	21.2	24.6	26.6	28	30.6	34.8	33.6	35.2	31.4	28	25	25.6	35.2
Tª mínima media (°C)	2007	8.6	9.2	9.2	10.6	11.9	13.9	15.4	15.9	14.9	11.8	8.3	6.8	11.4
	valor climático	7.8	8.1	8.8	9.5	11.5	13.9	15.6	16.1	15.0	12.7	10.3	8.9	11.5
Tª mínima absoluta (°C)	2007	3.2	4.2	5.3	6.3	8.5	11.0	12.1	11.4	9.7	6.9	2.7	0.9	0.9
	valor climático	-0.5	0.2	0.6	3.0	4.6	6.6	10.2	11.4	9.0	5.6	3.4	0.6	-0.5
Precipitación (mm)	2007	156	182	175	47	83	91	73	18	28	14	46	56	969
	valor climático	114 a 132	77 a 101	59 a 85	67 a 87	64 a 88	25 a 50	15 a 32	21 a 33	49 a 84	92 a 114	103 a 122	115 a 133	942 a 1036
	categoría	húmido	húmido	moi húmido	Seco	normal	moi húmido	moi húmido	seco	seco	moi seco	moi seco	moi seco	normal
Días de chuvia	2007	13	19	16	8	11	11	7	5	3	6	6	11	116
	valor climático	14	14	12	13	11	7	5	5	8	13	14	15	131








SANTIAGO		xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	ANO
Tª media (°C)	2007	9.1	10.3	10.3	13.4	13.8	15.9	17.2	18.1	17.7	14.6	10.1	8.0	13.2
	valor climático	8.8	9.6	11.3	12.0	14.5	17.4	19.6	19.9	18.2	14.8	11.5	9.8	14.0
Tª máxima media (°C)	2007	11.8	13.0	14.9	19.7	18.0	20.5	22.6	23.3	24.9	20.8	16.3	12.6	18.2
	valor climático	12.5	13.6	16.2	16.6	19.3	22.4	24.8	25.3	23.4	19	15.1	13.2	18.5
Tª máxima absoluta (°C)	2007	15.5	15.3	23.3	27.8	26.3	29.4	34.0	31.4	33.2	24.5	23.3	16.0	34.0
	valor climático	21.2	22.8	28.6	30.8	34.9	36.2	40.3	39.7	37.5	30.6	24.7	24	40.3
Tª mínima media (°C)	2007	6.8	7.3	6.8	8.5	10.2	12.0	13.5	13.6	12.3	9.8	5.7	4.5	9.3
	valor climático	5.1	5.6	6.5	7.4	9.8	12.3	14.4	14.6	13.1	10.6	7.9	6.3	9.5
Tª mínima absoluta (°C)	2007	0.6	3.2	3.1	2.5	6.0	8.7	9.4	10.3	8.0	5.7	-0.2	-1.1	-1.1
	valor climático	-4.3	-2.7	-1.5	-1.3	1.8	4.8	7.0	7.3	3.6	-0.5	-2.0	-3.0	-4.3
Precipitación (mm)	2007	98	246	130	60	108	119	54	37	27	2	52	66	999
	valor climático	182 a 238	153 a 170	83 a 147	85 a 151	99 a 147	35 a 57	19 a 41	40 a 55	68 a 137	164 a 211	170 a 267	185 a 283	1689 a 1836
	categoría	moi seco	moi húmido	normal	moi seco	seco	moi húmido	húmido	seco	seco	moi seco	moi seco	moi seco	moi seco
Días de chuvia	2007	8	20	16	11	13	14	8	8	2	1	5	10	116
	valor climático	15	14	12	15	13	7	5	5	9	15	16	16	142



Nota: Os valores climatolóxicos neste caso calculáanse dende 1982 (comezo da serie histórica da serie do INM na cidade) polo que os promedios de temperatura son claramente superiores aos calculados nas outras series dende 1973



LUGO		xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	ANO
Tª media (°C)	2007 valor climático	6.7 6.2	8.2 7.5	8.1 9.3	11.5 10.4	13.2 13.4	15.6 16.9	17.5 19.0	17.4 19.6	15.5 17.3	12.9 13.1	6.7 9.2	4.9 6.9	11.5 12.3
Tª máxima media (°C)	2007 valor climático	10.7 9.8	12.5 11.7	13.7 14.4	18.8 15.3	18.6 18.5	22.0 22.5	24.2 24.8	24.0 25.7	23.5 23.0	20.6 17.5	13.8 12.9	10.7 10.2	17.8 17.2
Tª máxima absoluta (°C)	2007 valor climático	15.1 19.0	18.3 23.0	23.2 27.0	28.0 30.0	28.5 36.0	30.2 39.0	31.6 39.0	35.0 40.0	28.5 39.0	25.0 31.0	19.1 23.0	14.4 22.0	35.0 40.0
Tª mínima media (°C)	2007 valor climático	3.4 2.5	3.8 3.3	3.4 4.2	5.7 5.4	8.2 8.3	10.1 11.3	11.6 13.2	11.9 13.4	9.6 11.6	7.5 8.6	2.2 5.5	0.7 3.6	6.5 7.5
Tª mínima absoluta (°C)	2007 valor climático	-4.6 -8.0	-3.1 -9.0	-1.3 -6.0	0.0 -3.0	3.2 -2.0	5.8 0.0	7.3 4.0	7.4 5.0	1.7 3.0	1.6 -2.0	-6.4 -5.0	-7.2 -8.0	-7.2 -9.0
Precipitación (mm)	2007 valor climático categoría	63 107 a 134 seco	111 63 a 90 húmido	77 51 a 77 normal	55 58 a 72 seco	53 69 a 99 seco	87 19 a 43 moi húmido	39 21 a 27 moi húmido	49 20 a 30 húmido	20 49 a 73 moi seco	17 102 a 123 moi seco	56 95 a 109 moi seco	33 112 a 132 moi seco	660 936 a 978 moi seco
Días de chuva	2007 valor climático	15 14	16 12	12 11	8 12	9 12	11 7	6 4	6 4	3 7	3 13	6 13	8 15	103 122





XUNTA DE GALICIA




CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA




Informe climatolóxico ano 2007

PONTEVEDRA		xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	dec	ANO
Tª media (°C)	2007	10.2	11.3	11.9	14.2	15.7	17.5	19.4	19.9	18.9	15.3	10.5	9.1	14.5
	valor climático	9.3	10.1	11.7	12.7	14.9	18.1	19.9	20.1	18.3	15.1	12.0	10.1	14.4
Tª máxima media (°C)	2007	14.4	14.8	17.4	20.5	21.0	22.6	25.0	26.1	26.5	22.7	18.1	15.3	20.4
	valor climático	13.8	14.8	17.0	18.0	20.1	23.7	25.5	25.9	23.9	20	16.5	14.3	19.5
Tª máxima absoluta (°C)	2007	17.6	17.1	23.6	28.1	31.1	30.6	35.0	33.5	33.0	26.7	22.3	18.6	35.0
	valor climático	22.5	23.5	28	30.4	33.5	39.6	36.4	38	34.6	31.2	26.3	25.5	39.6
Tª mínima media (°C)	2007	7.1	7.6	7.3	8.9	11.4	13.1	14.4	14.9	13.4	10.1	4.9	4.5	9.8
	valor climático	4.7	5.4	6.3	7.3	9.8	12.5	14.3	14.3	12.7	10.2	7.4	5.9	9.2
Tª mínima absoluta (°C)	2007	0.4	1.5	3.4	3.9	6.1	10.2	10.4	12.1	8.5	5.7	-5.4	-	-5.4
	valor climático	-4.5	-2.8	-1.6	-1.5	0.4	4.6	7.6	8.0	3.7	1.2	-0.8	-5.7	-5.7
Precipitación (mm)	2007	71	173	76	52	87	134	60	17	25	4	82	83	864
	valor climático	189 a 222	148 a 187	95 a 164	98 a 132	112 a 130	40 a 64	21 a 42	22 a 53	79 a 120	164 a 210	159 a 223	194 a 269	1694 a 1829
	categoría	moi seco	normal	seco	moi seco	seco	moi húmido	húmido	seco	moi seco	moi seco	moi seco	moi seco	moi seco
Días de chuvia	2007	13	17	7	8	13	12	8	4	3	1	5	11	102
	valor climático	15	13	12	12	12	7	4	5	8	13	13	15	129








OURENSE		xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	sep	oct	nov	dic	ANO
Tª media (°C)	2007	8.7	10.4	11.0	14.2	15.9	18.4	20.4	20.5	19.5	15.2	8.8	6.5	14.1
	valor climático	7.7	9.3	11.5	12.8	15.8	19.6	22.1	22.2	19.6	15.2	10.8	8.5	14.6
Tª máxima media (°C)	2007	12.5	14.3	16.9	21.5	21.6	24.3	26.9	27.0	28.3	23.2	16.4	11.7	20.4
	valor climático	12.3	14.8	18.1	19.2	22.4	26.8	29.7	30	26.8	20.9	15.5	12.7	20.8
Tª máxima absoluta (°C)	2007	18.0	17.6	25.0	30.3	31.0	31.7	35.6	36.3	35.8	27.3	24.0	16.6	36.3
	valor climático	22	24.8	30.6	32.8	37.4	39.2	42.6	42.2	39.8	33	24.4	22.4	42.6
Tª mínima media (°C)	2007	5.6	6.0	5.8	8.3	10.7	12.8	13.9	14.4	12.7	9.3	3.2	2.9	8.8
	valor climático	3.1	3.8	4.9	6.3	9.1	12.4	14.6	14.4	12.4	9.4	6.1	4.3	8.4
Tª mínima absoluta (°C)	2007	-2.3	0.4	0.4	1.0	5.6	9.8	9.3	10.1	7.4	3.9	-4.2	-4.4	-4.4
	valor climático	-7.0	-5.2	-4.0	-3.2	-0.4	2.4	6.4	5.6	3.0	-2.0	-6.8	-8.6	-8.6
Precipitación (mm)	2007	31	146	52	84	137	82	29	26	27	10	103	31	758
	valor climático	77 a 101	57 a 70	47 a 63	41 a 65	54 a 71	24 a 33	8 a 19	17 a 24	36 a 68	75 a 91	63 a 99	85 a 111	759 a 818
	categoría	moi seco	moi húmido	normal	húmido	moi húmido	moi húmido	húmido	húmido	seco	moi seco	húmido	moi seco	seco
Días de chuva	2007	6	18	7	15	12	9	3	4	4	2	4	6	90
	valor climático	11	10	9	10	10	5	3	3	6	10	10	12	99





3. Evolución histórica da temperatura anual (1958-2007) e precipitación (1955-2007) na serie de Lourizán.








4. Mapas

Nota: Para evitar sesgos no cálculo dos valores anuais inclúense unicamente as estacións da rede da CMADS que rexistraron valores nun mínimo de 10 meses no caso das temperaturas e 11 meses no caso da precipitación

4.1.- Temperatura media das máximas – ano 2007




Tmáx -- 2007

www.meteogalicia.es



4.2.- Temperatura media das mínimas - ano 2007




Tmín -- 2007

www.meteogalicia.es



4.3.- Precipitación ano 2007



Chuvia -- 2007

www.meteogalicia.es